

III Xornada de Investigación en
Ciencias da Saúde
A Coruña, 14 de abril de 2016
Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Saúde

Procedemento e criterios de selección dos participantes na xornada.

As dúas edicións realizadas ata o de agora da Xornada de Investigación en Ciencias da Saúde se configuraron determinando previamente os criterios de participación dos poñentes.

Esta actividade é organizada polo Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria da (MAIS), título universitario oficial da UDC que, coa colaboración do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC) e o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), aborda a formación en investigación sanitaria básica e clínica.

Na III Xornada de Investigación en Ciencias da Saúde se trata de forma ampla a realidade da investigación sanitaria cunha intención formativa e de divulgación científica.

Os criterios de selección dos participantes nesta xornada son determinados pola Comisión Académica do MAIS.

Unha vez definidos estes criterios, procederá a invitar a membros de grupos de investigación do ámbito das ciencias da saúde, en particular, de temáticas relacionadas co ámbito de investigación propio da Terapia Ocupacional e Enfermaría.

Criterios de configuración do programa

Para a configuración do programa da III Xornada de Investigación en Ciencias da Saúde, a Comisión Académica do MAIS establece os seguinte criterios:

1. Participación de, cando menos, unha persoa investigadora e/ou divulgadora científica, que inclúa como temática central da súa intervención o valor engadido que aporta a investigación en ciencias da saúde.
2. Participación de, cando menos, un representante do ámbito da enfermaría e/ou da terapia ocupacional que estea colaborando en proxectos de investigación clínica ou na organización de unidades ou grupos de investigación.
3. Participación de profesionais dos ámbitos da enfermaría e/ou a terapia ocupacional, que teñan constancia do aporte positivo do desenvolvemento de proxectos de investigación nas súas unidades ou centros no seu exercicio profesional.
4. Participación de alumnado egresado do mestrado, co obxectivo de valorar o aporte da formación en investigación en ciencias da saúde na carreira profesional e/ou científica.
5. Presentacións de pósters sobre traballos de investigación que abordan temáticas relacionadas con Terapia Celular e Enfermaría.